



movimiento juvenil
SALESIANO



salesianos
LUGO



FEDERACIÓN
DE CENTROS XOVENÍS DON BOSCO
DE GALICIA



Asociación Xuvenil
ATEIBO
contigo desde 1989

Asociación Xuvenil
ATEIBO



Contigo desde 1989



Quen somos?

Ateibo é unha Asociación Xuvenil salesiana de Lugo, que leva dende 1989 educando dende o Tempo Libre aos rapaces e rapazas de tódalas idades, invitándoos/as a formar parte dun grupo co que se poidan identificar e medrar en valores.

En Ateibo participa un equipo de **animadores/as voluntarios/as**, coa misión de acompañar aos/as destinatarios/as no seu proceso de crecemento e maduración persoal. Formamos parte do Movemento Xuvenil Salesiano.

Que facemos?

En Ateibo poderás atopar moitas actividades durante todo o ano, adaptadas a tódalas idades: Xogos, rastrexos, xincanas, xogos deportivos, cooperativos e de roles, saídas, obradoiros, manualidades, acampadas, xuntanzas, campamentos, excursións, celebracións e festas e outras actividades educativas en valores humano-cristiáns que disfrutaremos todos/as xuntos/as.

Presentámonos!

Saltimbanquis: grupo para nenos/as de 6 a 8 anos (1º a 3º de EP). Os **venres de 16:30 a 18:30 h.**



Andaina: grupo para rapaces e rapazas de 8 a 12 anos (4º a 6º de EP). Os **venres de 16:30 a 18:30 h.**



ADS: grupo para rapaces e rapazas de 12 a 14 anos (de 1º e 2º da ESO). Os **venres de 16:30 a 18:30 h.**

Prezos

50 euros anuais (cota familiar de 70 euros para os que sexan varios irmáns a participar no Centro Xuvenil), que se deberán entregar en efectivo aos/as responsables de Ateibo ou ingresar na conta: ES64 0075 8963 8406 0010 5619 (Concepto: NOME DO PARTICIPANTE + NOME GRUPO)

En calquera caso, **non queremos que a cota sexa o único impedimento** para asistir ás actividades do Centro Xuvenil, falade connosco para buscar unha solución.



Grupos xuvenís: grupos de rapaces/as dende os 14 anos (Ados: 3º e 4º da ESO; "Jóvenes": a partires de 1º de BACH). Dinámicas experienciais sobre temas actuais, debates, diálogo, convivencias, campañas de solidariedade, excursións, acampadas, xuntanzas, Pascua xoven, cursiños-campamentos... Cada grupo pacta o seu horario de reunión.

Sala Moza: espazo de encontro e portas abertas con: xogos de mesa, ping-pong, fútbolín, videoconsolas, biblioteca e outras actividades. Para rapaces e rapazas de 12 anos en diante.(a partires de 1º de ESO). Horarios por determinar.

Mañás de... Nadal, Entroido, Semana Santa e verán: Actividades nas vacacións do curso escolar. Para nenos e nenas de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria incluídos (de 3 a 12 anos). Teñen un prazo, cota e ficha de inscrición propios.

Para máis información visita a nosa web:



Asociación Xuvenil Ateibo
Pr. Milagrosa, 10 - 27003 Lugo
633 674 528
cxateibo@gmail.com



Inscrición Centro Xuvenil Ateibo Curso 2024-2025

Como novidade, este ano estamos traballando para facer a inscrición de xeito dixital a través da aplicación Bosconecta da "Confederación de Centros Juveniles Don Bosco" de España.

Nesta aplicación dispoñeredes dun usuario e contrasinal para facer a inscrición dos/as participantes a actividades sen ter que empregar fichas en papel e de xeito máis inmediato, para que non haxa problemas cos prazos.

Tamén será un medio que facilitará a comunicación convosco, para poder enviarvos as informacións correspondentes ao Centro Xuvenil.

O enlace onde podedes facer a inscrición está no código QR de abaixo.

Aqueles que xa estades de alta en Bosconecta deberedes conservar a vosa contrasinal e manter a información actualizada na vosa "Área restrinxida".

